



GUÍA DOCENTE DE **REPETORIO ORQUESTRAL I-VI (PERCUSIÓN)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: REPETORIO ORQUESTRAL I-VI(PERCUSIÓN)										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Percusión	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Percusión	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3,5	3,5	-	-	Observacións:	
									1 h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento, de ser o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento, de ser o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns, de ser o caso, no repertorio orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Percusión sendo inherente á súa esencia e existencia.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T 1, T 3, T 6, T 13.
COMPETENCIAS XERAIS:	X 3, X 6, X 8, X 10, X 11, X 15.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI 1, EI 2, EI 3, EI 4, EI 5, EI 8, EI 9, EI 10.
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer e interpretar as pasaxes que normalmente se esixen en probas de orquestra de repertorio para percusión con precisión e coñecemento do contexto histórico e estilístico da obra cunha dificultade acorde aos cuadrimestres.	T 1, T 3, T 6, T 13; X 3, X 6, X 8, X 10, X 11, X 15; EI 1, EI 2, EI 3, EI 4, EI 5, EI 8, EI 9, EI 10.
2. Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar aspectos técnicos e expresivos relacionados coa calidade sonora especialmente a afinación e as dinámicas en tódolos rexistros dos instrumentos e aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.	T 1, T 3, T 6, T 13; X 3, X 6, X 8, X 10, X 11, X 15; EI 1, EI 2, EI 3, EI 4, EI 5, EI 8, EI 9, EI 10.
3. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo.	T 1, T 3, T 6, T 13, T 15; X 6, X 8; EI 1, EI 9, EI 10.
4. Actuar en público con autocontrol, rigor, dominio técnico e da memoria os fragmentos orquestrais establecidos, tendo en conta todos os aspectos que debe ter un concerto ou proba orquestral.	T 1, T 3, T 6 T 13; X 3, X 6, X 8, X 11, X 15; EI 1, EI 2, EI 3, EI 4, EI 5, EI 8, EI 9 EI 10.



#### 4. CONTIDOS

1.Introducción histórica, estética, formal e interpretativa dos extractos orquestrais: 1.1.Contextualización histórica e estética. 1.2 Introducción analítica aos elementos formais, rítmicos, melódicos e texturais dos extractos propostos.
2. Interpretación dos fragmentos 2.1. Localización de dificultades e superación das mesmas 2.2. Afianzamento de técnicas específicas dos distintos instrumentos de percusión.
3. Adestramento progresivo e permanente da memoria.
4. Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de intérprete como de ouvinte.
5. Desenvolvemento das audicións correspondentes a cada cuatrimestre.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuatrimestre
Titorías	Presenciais	Ao longo do cuatrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres.